

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

ORDE do 16 de xullo de 2020 pola que se amplía o prazo de presentación da documentación xustificativa establecido na Orde do 26 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións destinadas á creación de viveiros industriais de empresas en parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento IN541A).

O día 21 de xaneiro de 2020 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Orde do 26 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións destinadas á creación de viveiros industriais de empresas en parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento IN541A).

No artigo 22.1 das bases, establécese que os concellos beneficiarios terán ata o 31 de outubro de 2020 para presentar a documentación xustificativa da subvención. Tendo en conta a data de resolución das ditas axudas, motivada pola suspensión dos prazos administrativos establecida polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, xunto coa complexidade da execución dos proxectos, co fin de facer viables os procesos de execución e a xustificación por parte dos beneficiarios resultantes, sen que con iso se cause prexuízo a terceiros, considérase necesario ampliar o prazo de xustificación.

De acordo co anterior, vista a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento,

DISPOÑO:

Artigo único. *Ampliación do prazo de execución e xustificación*

Amplíase ata o día 15 de novembro de 2020 (inclusive) o prazo para a execución e a xustificación dos investimentos que foron obxecto de subvención ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións destinadas á creación de viveiros in-



dustriais de empresas en parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento IN541A).

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2020

Francisco Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

CVE-DOG: ixq8ayd7-hyj2-gxs5-8zl9-her1skxa2a47

